



GANDERÍA DE MOURISCADÉ

POXA DE ANIMAIS

Día 29 de abril de 2025, ás 11 h

PREZOS DE SAÍDA

Os prezos mínimos de licitación do contrato sobre o que as ou os licitadores presentarán a súa oferta no correspondente lote son os que se detallan a continuación en función da idade das reses no momento de realizarse a poxa:

IDADE	VALOR Valor xenético + valor comercial	Minoración de valoración xenética	PREZO (sen IVE)	IVE (10 %)*	PREZO DE SAÍDA
Inferior a 8 meses	600,00 €	-180,00 €	420,00 €	42,00 €	462,00 €
Entre 8 meses e 19 meses	1.250,00 €	-375,00 €	875,00 €	87,50 €	962,50 €
Maior de 19 meses e menor de 60 meses	2.500,00 €	-750,00 €	1.750,00 €	175,00 €	1.925,00 €
Maior ou igual a 60 meses	1.250,00 €	-375,00 €	875,00 €	87,50 €	962,50 €

*Artigo 91.1.1.2 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido

As ofertas económicas que presenten as ou os licitadores non poderán ser en ningún caso inferiores ao importe sinalado como prezo de saída no correspondente lote.

No orzamento de licitación indicado está incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE) e non calquera outro tributo ou gasto que poida gravar o alleamento obxecto de contratación, que será sempre por conta da ou do adxudicatario.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR: FORMA, LUGAR E PRAZO

a. Forma: electrónica

b. Lugar:

- Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Exclusivamente mediante instancia xenérica dirixida ao Servizo de Contratación (<https://sede.depo.gal/>)

c. Prazo:

- 15 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no Perfil de Contratación.

Se o último día coincidise en sábado, domingo ou festivo, o prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

d. Documentos para presentar:

As persoas interesadas en participar na poxa deberán inscribirse previamente mediante instancia xenérica dirixida ao Servizo de Contratación, e achegar os seguintes documentos:

- Modelo de inscrición previa (modelo de declaración, anexo I).
- Declaración responsable asinada de estar inscritas no Rexistro de Explotación Gandeira (REGA) e non estar en ningún dos casos de incapacidade, prohibición ou incompatibilidade (modelo de declaración, anexo II).
- Acreditación da personalidade mediante unha copia do documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor, se son persoas físicas, e coa escritura de constitución inscrita no rexistro correspondente, se son persoas xurídicas. En caso de actuar en representación doutra persoa, a parte representante deberá acreditarlo con poder suficiente.

ACTO DE LICITACIÓN.

PROCEDIMIENTO DE POXA MEDIANTE POXAS ABERTAS

1. Data e lugar do acto de licitación:

O martes 29 de abril ás 11 horas

A poxa desenvolverase en acto público na Finca Mouriscade, rúa Vilanova, s/n, 36515 Lalín (Pontevedra).

2. Procedemento:

- **Trámite inicial:**

A Mesa de Contratación constituirase o mesmo día da poxa, ás 11 horas, na Finca Mouriscade.

A ou o presidente da Mesa de Contratación, antes de que comece o acto de licitación (poxa), abrirá un primeiro trámite para acreditar a personalidade das e dos licitadores ante a citada Mesa (ver cláusula da documentación), onde unicamente se admitirán as e os licitadores que se inscribisen previamente conforme á forma, lugar e prazo establecidos neste prego, e que acrediten a súa personalidade.

Acreditada a personalidade das persoas licitadoras, entregaráselle a cada unha delas unha cartolina cun número indicativo, que será o que exhiban durante toda a poxa, para un mellor seguimento e identificación nas sucesivas poxas.

Unha vez iniciado o acto de licitación non se admitirán novas ou novos licitadores.

- **Desenvolvemento da poxa:**

A ou o presidente declarará aberta a licitación e comezará a poxa, co primeiro lote, baixo a modalidade de “poxa aberta”, e convidará as e os licitadores a manifestar as súas posturas; a primeira das cales deberá cubrir, como mínimo, o prezo de saída do lote.

O incremento das ofertas polos lotes que realicen as persoas licitadoras deberá facerse de viva voz, alzando o cartel co seu número de identificación. As poxas, en todos os lotes, incrementaranse en tramos de cincuenta (50) euros.

No momento en que deixen de facerse novas poxas, a ou o presidente declarará adxudicataria provisional a persoa licitadora que realízase a poxa máis elevada. En caso de empate, acudirase ao sorteo.

Os lotes obxecto de alleamento, co prezo de saída e de remate (IVE incluído) e a persoa adxudicataria provisional, relacionaranse na acta correspondente.

- **Reclamacións e devolución de documentación:**

Finalizado o acto público de licitación, abrírase un trámite de impugnación das adxudicacións provisionais, para cuxo efecto a ou o presidente da Mesa convidará as persoas interesadas a poñer de manifesto as posibles reclamacións acerca do procedemento de licitación e, no seu caso, a impugnación do acto de adxudicación provisional, que se resolverán no mesmo acto coa debida motivación.

De todo iso deixarase constancia na acta da sesión, que será publicada no Perfil de Contratación da Deputación Provincial de Pontevedra.

A documentación achegada polas e polos licitadores antes do inicio da poxa devolveráselles ás persoas non adxudicatarias, unha vez finalizado o acto.

ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

A adxudicación definitiva dos lotes será acordada polo órgano de contratación competente, de conformidade coa acta da Mesa e coa proposta de adxudicación obrante no expediente, e notificada ás persoas interesadas nun prazo de quince días naturais desde a finalización da poxa.

GASTOS

Os gastos derivados do alleamento, unha vez que se produza o remate, serán por conta da persoa adquirente. A ou o adxudicatario queda obrigado ao pagamento dos gastos que ocasione a retirada dos semoventes e ás indemnizacións que poidan reclamarse por danos producidos na retirada, manexo e transporte do gando alleado.

As ou os adxudicatarios quedan obrigados a achegar o equipo e os medios auxiliares que sexan precisos para a retirada e traslado dos semoventes adxudicados, desde as instalacións da Finca Mouriscade na que están situados ata as súas leiras ou outras dependencias, e todos os gastos serán da súa conta. Para a retirada dos animais deberán ter á súa disposición un vehículo plenamente homologado para o seu transporte.

Os gastos que se poidan orixinar polo depósito, manutención e custodia dos semoventes adxudicados, unha vez efectuada a súa entrega pola Deputación, serán responsabilidade das persoas adxudicatarias.

Serán de conta da ou do contratista todos os gastos que deriven cando, a petición deste, o contrato se formalice en escritura pública notarial.

A ou o contratista correrá con todos os gastos de operarios, maquinaria e equipos, axudas de custo e cantos sexan necesarios para a boa execución do obxecto do contrato, así como os gastos derivados da obtención de autorizacións, permisos, licenzas, anotacións en rexistros oficiais e inspeccións administrativas, os que requiran a obtención de documentos, información, traballos ou informes necesarios, os tributos, arbitrios, dereitos ou aranceis de calquera clase que se perciban, e calquera outro gasto a que dea lugar a execución do contrato.

PAGO E RETIRADA DOS SEMOVENTES

1. Pago dos semoventes e acreditación da inscrición no REGA:

Tras a adxudicación definitiva, todas as persoas adxudicatarias, previamente á retirada dos semoventes adxudicados, deberán aboar o prezo do remate do lote (IVE incluído) e os gastos que fosen liquidables por conta da ou do adxudicatario no prazo dos dous días hábiles seguintes á notificación da adxudicación.

O prezo do remate aboarase antes da retirada do gando mediante transferencia bancaria á conta titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, ES17 2080 5401 5731 1010 6612, e indicarse no concepto “compra gando Mouriscade: núm. lote”

2. Retirada dos semoventes:

A retirada dos semoventes, logo da comprobación do pagamento do remate polo persoal responsable da entrega, deberá efectuarse no prazo dos cinco días hábiles seguintes á notificación da adxudicación.

Ata a retirada efectiva do gando, a persoa adxudicataria asumirá os riscos dos danos que puidese sufrir aquel.

Se a ou o adxudicatario renunciase á adquisición expresa ou tacitamente, por non atender ás obrigas que lle corresponden —enténdese, entre outros supostos, que se produce a dita renuncia tácita á adquisición se no prazo sinalado no prego a ou o adxudicatario non retirou o gando adxudicado—, este será responsable da indemnización polas eventuais perdas que se orixinaron. En ambos os supostos, poderá procederse á adxudicación ao segundo mellor ofertante da poxa.

CAPACIDADE PARA TOMAR PARTE NA POXA

Poderán ser adquirentes dos bens enumerados anteriormente as persoas físicas ou xurídicas que gocen de capacidade de contratar, conforme o previsto no Código Civil, e que non se atopen en causas de prohibición establecidas polo artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Conforme ao artigo 95.2 do Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, non poderán ser adquirentes as persoas que solicitasen ou estean declaradas en concurso, fosen declaradas insolventes ou estean suxeitas a intervención xudicial ou inhabilitadas conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal.

Tampouco poderán participar na poxa, por si ou por ningunha persoa intermedia, quen incorresen en causa de incompatibilidade e que por razón do seu cargo ou destino exerzan algun-

ha competencia respecto dos bens que vaian ser obxecto de poxa, así como quen teña débedas vencidas coa Deputación de Pontevedra.

As persoas que concorran ao acto de alleamento haberán de afirmar, baixo a súa responsabilidade, non atoparse comprendidas en ningún dos casos de incapacidade, prohibición ou incompatibilidade mencionados anteriormente (modelo de declaración, anexo II).

No caso da ou do adxudicatario, se se descubrise falsidade na declaración responsable, acordarase a nulidade da adxudicación, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidese incorrer.

DOCUMENTACIÓN

As e os licitadores acreditarán a súa personalidade ante a Mesa de Contratación exhibindo o seu documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor se son persoas físicas; e coa escritura de constitución inscrita no rexistro correspondente se son persoas xurídicas.

En caso de actuar en representación doutra persoa, a representante deberá acreditarlo con poder bastante.

RECOÑECIMIENTO DOS BENS

Por motivos de control sanitario, o gando vacún obxecto desta contratación unicamente o poderán ver as persoas interesadas o mesmo día da poxa, na Finca Mouriscade, na rúa Vilanova, s/n, 36515 Lalín (Pontevedra), a partir das 11 horas.

Non obstante, a información dos animais pódese consultar nos certificados zootécnicos emitidos pola Confederación de Asociacións de Frisona Española (CONAFE), que constan no expediente, no que se detallan as producións de control leiteiro e o estado no que se atopan as reses (inseminadas, xestantes ou paridas).

XESTIÓN DE PREGUNTAS E RESPOSTAS DAS E DOS LICITADORES

A través de correo electrónico a contratacion@depo.es

Recepción de consultas antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes:

- Ata 2 días naturais antes do vencemento, para aclaracións sobre os pregos e demais documentación complementaria.
- Ata 5 día naturais antes do vencemento, no caso de solicitudes de información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria.

CLÁUSULAS XERAIS

RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico aplicable a esta contratación é o propio dun contrato privado suxeito á lexislación patrimonial, ao tratarse dun negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A poxa, así como o contrato de compravenda que se formalice en virtude desta, rexeranse, canto á súa preparación e adxudicación, por este prego, e en todo o non previsto neste, en defecto de normas administrativas específicas, pola Lei de contratos do sector público e as súas disposicións de desenvolvemento, así como pola Lei do patrimonio das administracións públicas e a súa normativa de desenvolvemento.

Os seus efectos e extinción rexeranse polo contido deste prego de condicións, pola normativa patrimonial, polos artigos 1.445 e seguintes do Código Civil e demais normas de dereito privado aplicables.

O contrato ao que se refire este prego rexerase, polo tanto, pola seguinte normativa:

- **Lexislación básica estatal:**

- Preceptos de aplicación xeral ou carácter básico da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (en diante, LPAP), de conformidade coa súa disposición final segunda.
- Preceptos de aplicación xeral ou carácter básico do Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (en diante, RLPAP), de conformidade coa súa disposición final única.
- Artigos 47 e 79 a 83 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (en diante, LRBRL).
- Artigos 74 a 87 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (en diante, TRRL).
- Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

- **Lexislación autonómica:**

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (en diante, LALGA).

- **Lexislación supletoria:**

- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño (en diante, RBEL).
- Preceptos non básicos da LPAP.
- Preceptos non básicos do TRRL.
- No seu defecto, resultarán de aplicación as normas de dereito privado, e, de conformidade co artigo 4 da LCSP, aplicaranse os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Este prego e demais documentos anexos revestirán carácter contractual. En caso de discordancia entre este prego e calquera do resto de documentos contractuais, prevalecerá este prego.

O descoñecemento das cláusulas do contrato en calquera dos seus termos, dos outros documentos contractuais que forman parte e das instrucións ou da normativa que resulte de aplicación na execución da cousa pactada, non exime a adxudicataria ou adxudicatario da obriga de cumprilas.

PERFIL DE CONTRATACIÓN

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, en cumprimento do disposto no artigo 63 da LCSP, e na disposición adicional terceira da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade do mercado, desde o 15 de decembro de 2014 a Deputación de Pontevedra publica todas as noticias, avisos e a documentación relativa aos seus procedementos de contratación no Perfil de Contratación integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (www.contrataciondelestado.es).



Nota importante:

No Perfil de Contratación publicaranse os pregos nos idiomas galego e castelán, se ben, advírteselles ás persoas licitadoras que a versión en castelán provén dun programa de tradución automática que precisa de ser revisado, polo que non ten carácter oficial, xa que o texto que se aproba polo órgano de contratación é en galego.

Ante calquera erro ou contradición entre ambos os documentos, prevalecerá en todo caso o establecido na versión oficial en galego, que é a aprobada polo órgano de contratación e a asinada electronicamente.

RENUNCIA E DESISTENCIA

En caso de que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación ou decida non adxudicar ou formalizar o contrato, de conformidade co artigo 152 da LCSP, notificarállelo ás e aos candidatos ou licitadores, e informará tamén a Comisión Europea desta decisión cando o contrato fose anunciado no *Diario Oficial da Unión Europea*.

A decisión de non adxudicar ou formalizar o contrato ou a desistencia do procedemento poderaa acordar o órgano de contratación antes da súa formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou formalizar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.

A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, e deberá xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

RECURSOS

Os actos que se diten neste procedemento poderán ser obxecto de recurso administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan sobre estes contratos entre as partes.

Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa súa preparación e adxudicación e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa de acordo coa súa normativa reguladora.

CATÁLOGO DE ANIMAIS

GANDERÍA DE MOURISCADE

29 de abril de 2025

Às 11 horas



Vaca: 1565

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1171

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE COPYRIGHT MAGICA ET
CROTAL: ES051113311565 DATA DE NAC.: 02/05/2021
REXISTRO: ESPH3605262101 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 18/12/2024

CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
83	78	77	79	78	79

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
394	13118	3.59	440	2.79	366

PAI

NOME: REGAN-DANHOF COPYRIGHT ET
NÚM.: 840M3137164268

NAI

NOME: MOURISCADE CLUN CONCHA
ES031112079639

CUALIF. FINAL: 85
TOTAL DE: 3 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1214	48082	4.43	2131	0.35	1685

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE GOSPELL NACAR
ES071109734847
CUALIF. FINAL: 88 4 ESTRELAS DE MÉRITO
3 Lact.

Vaca: 1535

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1197

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE SALVAME ISLA
CROTAL: ES081113311535 DATA DE NAC.: 30/11/2020
REXISTRO: ESPH3605129355 ESTADO: XESTANTE
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 05/05/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
86	81	85	84	83	85

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
292	12398	2.90	360	3.34	415

TOURO

NOME: Ritmo ET (SEX) IA: 08/11/2024

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
77	+826	+0.69	+101	+0.26	+54

PAI

NOME: SALVAME
NÚM.: DE000359791025

NAI

NOME: MOURISCADE CLUN CUBA
ES021112079638

CUALIF. FINAL: 80
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1032	41114	3.22	1325	3.26	1343

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE ELSAR CUBATA
ES071110173070

CUALIF. FINAL: 84

Vaca: 1567

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1167

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE ATTICUS SANSONA
CROTAL: ES071113311567 DATA DE NAC.: 11/5/2021
REXISTRO: ESPH3605287306 ESTADO: XESTANTE
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 29/10/2024
CUALIF.: SEN CUALIFICACIÓN

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
0	0	0	0	0	0

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
323	10862	4.63	503	3.81	414

TOURO

NOME: Turbo Red (sex) IA: 08/02/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
76	+806	-0.13	-4	-0.03	+18

PAI

NOME: DENOVO 14265 ATTICUS
NÚM.: US003141559659

NAI

NOME: MOURISCADE CICLO-P DALILA
ES091112079657

CUALIF. FINAL: 84
TOTAL DE: 3 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1218	50218	3.85	1925	3.44	1743

AVOA MATERNA

NOME: BOS MR BURNS DALILA ROJA
S071108670920

CUALIF. FINAL: 87 4 Lact.
1531 54969 3.97 2169 3.43 1894

Vaca: 1571

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1152

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE SOLITAIR ELENA
CROTAL: ES001113311571 DATA DE NAC.: 24/05/2021
REXISTRO: ESPH3605284174 ESTADO: INSEMINADA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 16/11/2024
CUALIF.: SEN CUALIFICACIÓN

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
0	0	0	0	0	0

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
273	8180	4.27	350	3.63	297

TOURO

NOME: Powermate (sex) IA: 17/03/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
75	+1146	+0.62	+107	+0.21	+60

PAI

NOME: CAUDUMER SOLITAIR
NÚM.: NL000576852597

NAI

NOME: MOURISCADE MODESTY ELISA
ES031110971672

CUALIF. FINAL: 78
TOTAL DE: 3 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1320	46190	4.69	2175	3.76	1736

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE BOMBERO ELI
ES091111594784
CUALIF. FINAL: 79

Vaca: 1572

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1145

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE SOLITAIR SILVA
CROTAL: ES011113311572 DATA DE NAC.: 24/05/2021
REXISTRO: ESPH3605284175 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 14/02/2025

CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
86	81	84	82	81	83

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
417	15598	3.95	617	3.72	581

PAI

NOME: CAUDUMER SOLITAIR
NÚM.: NL000576852597

NAI

NOME: MOURISCADE PADAWAN SILA
ES061112246175

CUALIF. FINAL: 84
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
483	14645	4.08	605	3.33	493

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE GILLESPIY SILVA
ES011110173074
CUALIF. FINAL: 85 (2 ESTRELAS NO SEU PEDIGRI)

Vaca: 1574

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1206

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE LINEMAN PECAS
CROTAL: ES031113311574 DATA DE NAC.: 21/06/2021
REXISTRO: ESPH3605249374 ESTADO: INSEMINADA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 24/09/2024
CUALIF.: SEN CUALIFICACIÓN

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
0	0	0	0	0	0

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
307	13245	3.58	475	3.51	466

TOURO

NOME: Cookiecutter hadley (sex) IA: 24/03/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
79	1473	0.31	141	0.10	74

PAI

NOME: VH LAGER LINEMAN
NÚM.: DK000000259984

NAI

NOME: MOURISCADE JEDI PAQUITA
ES061110971697

CUALIF. FINAL: 85
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
721	30831	3.42	1056	3.46	1068

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE MINCIO TELVA ET
ES051110173103

CUALIF. FINAL: 85

Vaca: 5979

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1134

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE GROVE MORA
CROTAL: ES031113815979 DATA DE NAC.: 24/06/2022
REXISTRO: ESPH3605347980 ESTADO: XESTANTE
TOTAL DE: 0 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 26/06/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
83	77	81	80	81	81

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
274	36.5	3.61	0	3.0	0

TOURO

NOME: OH MILORD ET IA: 04/01/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
76	+1746	+0.49	+118	+0.12	+80

PAI

NOME: GROVE ET
NÚM.: DE000123849649

NAI

NOME: MOURISCADE BALANCE MORENA
ES011110971658

CUALIF. FINAL: 85
TOTAL DE: 3 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1096	44536	3.78	1698	3.35	1508

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE END-STORY MOREA
ES051109557002

CUALIF. FINAL: 77

Vaca: 5990

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1140

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE KARLET AMARGA
CROTAL: ES021113815990 DATA DE NAC.: 18/08/2022
REXISTRO: ESPH3605424599 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: 0 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 21/02/2025
CUALIF.: SEN CUALIFICACIÓN

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
0	0	0	0	0	0

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
34	45.6	3.61	0	3.36	0

PAI

NOME: KAEGAARDEN BERLIN KARL
NÚM.: DK003200304567

NAI

NOME: MOURISCADE GATEDANCER LIMA
ES071110971665

CUALIF. FINAL: 82
TOTAL DE: 5 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1423	55725	4.00	2220	3.62	2008

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE BOLIVIA LIMONA
ES011108040013

CUALIF. FINAL: 85

Vaca: 5992

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1154

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE KARL PICH
CROTAL: ES041113815992 DATA DE NAC.: 29/08/2022
REXISTRO: ESPH3605422451 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: LACTACIÓNS DATA DE PARTO: 17/02/2024
CUALIF.: SEN CUALIFICACIÓN

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
38	42.8	3.37	0	3.21	0

PAI

NOME: KAEGAARDEN BERLIN KARL
NÚM.: DK003200304567

NAI

NOME: MOURISCADE PRETENDER PICHONA
ES021112846422

CUALIF. FINAL: 83
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
532	26567	3.39	907	3.29	877

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE CLEVER PALOMA
ES011110971692

CUALIF. FINAL: 85

Vaca: 5996

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1199

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE PINKFLOYD TESLA
CROTAL: ES081113815996 DATA DE NAC.: 03/10/2022
REXISTRO: ESPH3605427671 ESTADO: INSEMINADA
TOTAL DE: 0 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 19/10/2024
CUALIF.: SEN CUALIFICACIÓN

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
0	0	0	0	0	0

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
159	38.8	3.08	0	3.48	0

TOURO

NOME: PROGENESIS RETROACTIVE (SEX) IA: 08/03/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
77	+1262	+0.5	+99	+0.18	+60

PAI

NOME: PINKFLOYD
NÚM.: FR002213517300

NAI

NOME: MOURISCADE SUMMERDAY TEIXA
ES041112846435

CUALIF. FINAL: 81
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
633	26448	3.91	1041	3.46	915

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE LEOMARCOS TREIXADUR
ES031110971650

CUALIF. FINAL: 85

Vaca: 6456

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1144

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE DISCJOCKEY LUCERA
CROTAL: ES031112846456 DATA DE NAC.: 05/11/2020
REXISTRO: ESPH3605129352 ESTADO: XESTANTE
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 30/05/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
83	80	82	84	82	83

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
399	11504	4.14	477	3.66	422

TOURO

NOME: CLAYNOOK ZAPPER (SEX) IA: 24/01/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
75	+559	+0.62	+83	+0.22	+41

PAI

NOME: CLAYNOOK DISCJOCKEY
NÚM.: CA000012731113

NAI

NOME: MOURISCADE BI-BATTLE ALBA
ES021112079627

CUALIF. FINAL: 85
TOTAL DE: 3 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1057	38818	3.99	1560	3.42	1332

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE HALOGEN ARCA
ES041111594778

CUALIF. FINAL: 83

Vaca: 9644

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1204

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE GUARDIAN ENCARNA
CROTAL: ES001113519644 DATA DE NAC.: 27/08/2021
REXISTRO: ESPH3605286503 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 01/03/2025
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
87	86	81	80	86	82

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
434	15342	3.89	597	3.52	541

PAI

NOME: DANHOF GUARDIAN ET
NÚM.: US003137164315

NAI

NOME: MOURISCADE SUPERTORO ENDRINA
ES061112079609

CUALIF. FINAL: 85
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
970	35142	4.86	1730	3.46	1218

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE STOP ABRUÑA
ES021111594798

CUALIF. FINAL: 82

Vaca: 9648

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1172

B. CASEÍNAS: A1A1

NOME: MOURISCADE SOLITAIR RED LUA ET
CROTAL: ES041113519648 DATA DE NAC.: 31/10/2021
REXISTRO: ESPH3605262477 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 09/03/2025
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
79	78	83	79	81	80

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
299	8857	3.39	301	3.20	2.84

PAI

NOME: CAUDUMER SOLITAIR
NÚM.: NL000576852597

NAI

NOME: THOS STARELLO ALUMETE
ES030904941398

CUALIF. FINAL: 81
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1022	41947	2.65	1105	3.24	1359

AVOA MATERNA

NOME: THOS APOLL ALUMETTE
ES040904591479

CUALIF. FINAL: 80

Vaca: 9651

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1231

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE GUARDIAN ROSANA
CROTAL: ES061113519651 DATA DE NAC.: 03/11/2021
REXISTRO: ESPH3605286506 ESTADO: PARIDA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 02/02/2025
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
80	79	81	84	79	82

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
331	13.086	3.17	415	3.20	420

PAI

NOME: DANHOF GUARDIAN ET
NÚM.: US003137164315

NAI

NOME: MOURISCADE SPARK ROSA
ES021112246182

CUALIF. FINAL: 84
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
716	34841	2.79	947	3.27	1146

AVOA MATERNA

NOME: DE OOSTERHOF ROSE
NL000711610851
CUALIF. FINAL: 89

Vaca: 9653

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1201

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE GUARD. TALAVERA ET
CROTAL: ES081113519653 DATA DE NAC.: 08/10/2021
REXISTRO: ESPH3605262058 ESTADO: INSEMINADA
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 12/11/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
82	77	81	79	81	80

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
391	13320	3.53	471	3.65	487

TOURO

NOME: GABEIRAS (SEX) IA: 29/03/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
77	+1132	+0.29	+72	+0.15	+52

PAI

NOME: DANHOF GUARDIAN ET
NÚM.: US003137164315

NAI

NOME: MOURISCADE BI-BATTLE TOURA
ES091112246178

CUALIF. FINAL: 79
TOTAL DE: 1 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
394	10656	3.93	419	3.44	367

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE SUPREM BORA
ES041110971651

CUALIF. FINAL: 85

Vaca: 9656

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1164

B. CASEÍNAS: A1A2

NOME: MOURISCADE HEROPLUS TORERA
CROTAL: ES011113519656 DATA DE NAC.: 11/12/2021
REXISTRO: ESPH3605307120 ESTADO: XESTANTE
TOTAL DE: 1 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 11/11/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
80	84	81	80	78	79

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
321	10051	3.52	354	3.58	360

TOURO

NOME: PREFC ESCAPE ET (SEX) IA: 22/01/2025

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
98	+877	+0.23	+55	+0.1	+39

PAI

NOME: ANDERSTRUP SOUNDCLOUD HEROPLUST
NÚM.: DK003372308791

NAI

NOME: MOURISCADE BI-BATTLE TOURA
ES091112246178

CUALIF. FINAL: 79
TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
394	10656	3.93	419	3.44	367

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE SUPREM BORA
ES041110971651

CUALIF. FINAL: 85

Vaca: 9658

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1147

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE SOLITAIR CARLOTA
CROTAL: ES031113519658 DATA DE NAC.: 23/11/2021
REXISTRO: ESPH3605262476 ESTADO: XESTANTE/SECA
TOTAL DE: 0 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 06/05/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
80	82	78	77	81	78

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
262	8278	3.78	313	3.37	279

TOURO

NOME: GENER GOL P IA: 16/09/2024

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
79	+1369	+0.24	+75	+0.07	+52

PAI

NOME: CAUDUMER SOLITAIR
NÚM.: NL000576852597

NAI

NOME: THOS APOLL ALUMETE P RED ET
ES030904941398

CUALIF. FINAL: 81

TOTAL DE: 2 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1022	41947	2.65	1105	3.24	1359

AVOA MATERNA

NOME: THOS APOLL ALUMETTE
ES040904591479

Vaca: 9660

Prezo de saída: 1.750 €

GICO: 1195

B. CASEÍNAS: A2A2

NOME: MOURISCADE GUARDIAN PERLA
CROTAL: ES041113519660 DATA DE NAC.: 11/12/2021
REXISTRO: ESPH3605283804 ESTADO: XESTANTE
TOTAL DE: 0 LACTACIÓN DATA DE PARTO: 07/06/2024
CUALIF.:

EyCap	Grupa	PyPie	S. Mam	E. Lec	Puntos
81	87	80	81	85	81

PRODUCCIÓN:

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
230	8168	4.17	341	3.52	288

TOURO

NOME: ADAWAY EMPHASIS ET (SEX) IA: 25/10/2024

Rp	Leite	% Gra	Gra	% Pr	Pro
76	+848	+0.5	+82	+0.24	+52

PAI

NOME: DANHOF GUARDIAN ET
NÚM.: US003137164315

NAI

NOME: MOURISCADE CLUN CONCHA
ES031112079639

CUALIF. FINAL: 85
TOTAL DE: 3 Lact.

Día	Leite	% Gra	KGr	% Pro	KPr
1214	48082	4.25	2131	3.48	1685

AVOA MATERNA

NOME: MOURISCADE GOSPELL NACAR
ES071109734847

CUALIF. FINAL: 88



https://maps.app.goo.gl/Tdrba23pM6ThKrUV6?g_st=iw